EXERCICIO DE APOIO

CUESTIÓNS

1. **Indica que liñas temáticas desenvolven fundamentalmente os seguintes autores. Xustifica o anterior citando as obras correspondentes e indica a década a cal pertencen.**

   — Ramiro Fonte.
   — Chus Pato
   — Fran Alonso.
   — Claudio Rodríguez Fer.
   — Xulio L. Válcarcel.

2. **Selecciona de entre as opcións que se che ofrecen na seguinte lista, aquelas que motivaron os cambios na poesía a partir de 1976:**

   a. A aparición das primeiras organizacións clandestinas.
   b. A publicación das obras de Ferrín e Arcadio López Casanova.
   c. O nacemento e publicación da revista *Galeuzca*.
   d. A entrada de Galicia nun novo espazo político de liberdades democráticas.
   e. A publicación das obras de Casares e Neira Vilas.
   f. A alfabetización de amplos sectores da sociedade e a súa escolarización en lingua galega.
   g. A consolidación das posturas nacionalistas activas.
   h. O nacemento de novas editoriais que apostaban pola produción poética en galego.
   i. A incorporación de perspectivas femininas.
   l. O labor realizado pola Federación de Sociedades Galegas.
   m. A divulgación da obra de Manuel Antonio e Cunqueiro.
   n. O aperturismo cara a Europa e outras culturas.

3. **Explica a importancia do Grupo de Comunicación Poética Rompente na renovación da poesía galega?**

4. **Sintetiza en poucas liñas a poesía cultivada na década dos oitenta, noventa e no século XXI.**

5. **Que poemarios renovan o discurso feminino na década dos 90?**

6. Despois de ler o poema seguinte. A obra de Rodríguez Fer caracterízase pola súa riqueza estilística. Identifica os recursos literarios que citamos e explica cal é, segundo ti, o seu valor no texto.

O único amor que existe

Eterno amante de son eterna amada
do que non existe amor inconcebíbel
o que nos axita máis que un cataclismo
o que nos quita o alento
sen darnos aínda a morte
e que fai sentir en vida o máis alá
amor extenuante en desmesura
único amor que existe
e merece tal nome

Claudio Rodríguez Fer, *A boca violeta*

Recursos: Anáfora, derivación, hipérbole, aliteración, antítese.

Palabras do poema	Recurso
[...] o a**m**or extenuante en des**m**esura único a**m**or que existe e **m**erece tal no**m**e	
[...] amante /amada /amor	
O que nos axita máis ... O que nos quita o alento	
[...] o que nos quita o alento sen darnos aínda a morte e que fai sentir a vida o máis alá...	
[...] que nos axita máis que un cataclismo	

SOLUCIÓNS:

1. **Indica que liñas temáticas desenvolven fundamentalmente os seguintes autores. Xustifica o anterior citando as obras correspondentes e indica a década a cal pertencen.**

   — **Ramiro Fonte:** autor da xeración dos 80. Realiza unha poesía de fondo calado filosófico que procura a reflexión emotiva desde un distanciador el. Asume un mundo culturalista ricaz presente nos seus poemarios *As cidades da nada, Designium....*En *Luz do mediodía, O cazador de libros* pescuda novos rexistros expresivos e formais.

   — **Chus Pato:** poeta dá década dos 90. A súa poesía, por veces, críptica, apunta cara á denuncia social e a recración dunha futurible nación en que as mulleres recuperen o protagonismo perdido. Estes postulados combínaos cun fondo culturalismo e cunha transgresión sintáctica do verso convencional. En 1991 publica Urania, máis tarde *Heloísa* (1994), *Fascinío* (1995), *Nínive* e *A ponte das poldras* (1996) e *m-Talá* (2000).

   — **Fran Alonso**. Poeta da década dos noventa. Afonda na reflexión e abre paso para recrear un mundo visto de xeito irónico e tenro. Publicou *Persianas de pedramol e outros nervios* (1992) e *Tortillas para os obreiros* (1996). En 2005 publica *Balada Solitaria,* poemario narrativo no que reflexiona sobre a soidade e a incomunicación do ser humano. En 2006 publica *Poetízate*, antoloxía dos poemas máis divertidos e desenfadados da literatura galega desde Rosalía aos nosos días. Ten a finalidade de levar a poesía aos adolescentes e a aquelas persoas non habituadas a ler poemas.

   — **Claudio Rodríguez Fer.** Autor da xeración dos oitenta, ten preferencia polos temas eróticos que recolleu toda a súa poesía desta temática no volume titulado *Vulva.*

   — **Xulio L. Válcarcel.** Autor da xeración dos 80. A súa poesía está dominada pola angustia existencial e apresencia da morte, onde tamén aparece o amor como posible esperanza e saída desa angustia vita, isto atopámolo en *Víspera de día.* En *Alba de auga sonámbula* e *Solaina de ausencia* son en parte, herdeiros de motivacións semellantes aínda que máis pousados e introspectivos, centrándose o último no paso do tempo, a vida entendida como proceso de perda radical. Na obra *O sol entre os dedos* e *Memoria de Agosto* xorde a luminosidade na poesía onde simboliza tamén o dominio da propia vida.

2. **Selecciona de entre as opcións que se che ofrecen na seguinte lista, aquelas que motivaron os cambios na poesía a partir de 1976:**

   - A publicación das obras de Ferrín e Arcadio López Casanova.
   - A entrada de Galicia nun novo espazo político de liberdades democráticas.
   - A alfabetización de amplos sectores da sociedade e a súa escolarización en lingua galega.
   - O nacemento de novas editoriais que apostaban pola produción poética en galego.
   - A incorporación de perspectivas femininas.

- A divulgación da obra de Manuel Antonio e Cunqueiro.
- O aperturismo cara a Europa e outras culturas.

3. Explica a importancia do Grupo de Comunicación Poética Rompente na renovación da poesía galega?

Baixo este nome agóchase un grupo de autores que apostaron por levar a **cultura urbana ao texto**, nunha proposta vangardista e provocadora que revolucionou o xénero e entroncou coa denominada movida urbana de toda España. Introduciu a poesía galega no audiovisual e a contracultura a través das *perfomances.*

A súa concepción da poesía supuxo darlle moito valor á edición renovada (colaxe, cómic...) e a posta en escena: realizaron **espectáculos poéticos audiovisuais,** para os que contaron coa colaboración de artistas plásticos como Menchu Lamas ou Antón Patiño. Destacaron polo seu **posicionamento estético-anarcoide**.

4. Sintetiza en poucas liñas a poesía cultivada na década dos oitenta, noventa e no século XXI.

A poesía dos 80 é culturalista e decadentista nos seus postulados estéticos. Procura a síntese entre modernidade e tradición, polo que gustan da experimentación entre diferentes disciplinas e a poesía. Na súa poesía tamén aparece unha tendencia á mitificación ademais do intismismo e o erotismo.

A poesía dos 90. Caracterízase pola súa heteroxeneidade de estilos e e temáticas, cunha clara vontade de individualismo literario. Aproveita os símbolos da poesía dos 80, e amplía e renova temas como o erótico, o paisaxístico, o saudosista e o socialrealista (ecoloxía, violencia de xénero, consumismo, etc.). Así mesmo os autores desta década (maioritariamente mulleres e moi novos ao comezaren a escribir) teñen como principal preocupación levar poesía por toda Galicia, de aí os numerosos recitais poéticos e o acompañamento da música ao texto. Isto provoca que o poema se simplifique desde o punto de vista estilístico e simbólico. Nos anos 90 xorde o discurso feminino marcado pola deconstrución de tópicos literarios, e desde o cal a autora cuestiona o amor, o sexo, os mitos femininos e o papel da muller na sociedade

No século XXI. Encontrámonos cunha grande heteroxeneidade de temática e estilos, xa que aparecen obras dos poetas dos anos 80, 90 e as novas promocións que, de momento, continúan os parámetros da década anterior. Cada vez hai un maior aproveitamento da Rede de tal maneira que é frecuentísima a edición dixital

5. Que poemarios provocan o estourido do discurso feminino na década dos 90?

O estourido da escrita feminina prodúcese en 1991 coa publicación de 3 poemarios: *Metáfora da metáfora* de Mª Xosé Queizán, *Uránia* de Chus Pato e *Música reservada* de Luísa Villalta.

6. A obra de Rodríguez Fer caracterízase pola súa riqueza estilística. Identifica os recursos literarios que citamos e explica cal é, segundo ti, o seu valor no texto.

Palabras do poema	Recurso
[...] o **am**or extenuante en des**m**esura único a**m**or que existe e **m**erece tal no**m**e	**ALITERACIÓN**
[...] amante /amada /amor	**DERIVACIÓN**
O que nos axita máis ... O que nos quita o alento	**ANÁFORA**
[...] o que nos quita o alento sen darnos aínda a morte e que fai sentir a vida o máis alá...	**ANTÍTESE**
[...] que nos axita máis que un cataclismo	**HIPÉRBOLE**

- **Aliteración:** Consiste na repetición no plano fónico, dado pola combinación repetida e expresiva de certos sons iguais ou afíns ao longo dun verso, estrofa ou poema. Segundo o fonema repetido pode ser consonántica ou vocálica. Neste caso temos o son bilabial que persigue o efecto de sonoridade e musicalidade.

- **Derivación:** consiste no emprego nunha mesmo verso ou período de palabras derivadas dunha mesma raíz. Está relacionado co tema a tratar do poema: o amor.

- **Anáfora:** A anáfora é unha figura estilística consistente en repetir unha ou varias palabras ó inicio do verso, en enunciados sucesivos, co que se subliña enfaticamente o elemento iterado. Neste caso o amor é o que nos axita, nos quita o alento.

- **Antítese:** é unha figura retórica do pensamento, consistente nun tropo que opón elementos contrarios. Neste caso o amor dános a morte pero tamén a vida.

- **Hipérbole:** tropo que consiste nunha esaxeración desmesurada. O amor é tan forte cando chega como un cataclismo.